

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2021/2022

IES DO CAMIÑO, PALAS DE REI  
DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA  
DATA: 4 ABRIL 2022

Adaptación ao establecido na Orde de 25 de Xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galiza (DOG 11/02/2022)

Na Orde de 25 de Xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galiza publicada no DOG do 11 de Febreiro de 2022 (en adiante, a “Orde”), actualizouse a normativa relativa á avaliación nas ensinanzas de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato.

Esto fai necesaria a presente adaptación da Programación Didáctica do Departamento de Bioloxía e Xeoloxía.

## **Adaptacións referentes á ESO**

### **Avaliación:**

De acordo coa Orde, o curso organízase en tres avaliacións parciais e unha avaliación final.

A cualificación de cada avaliación obtense segundo o especificado na programación didáctica. En relación á nota que se introduce no programa XADE, que será a que o alumnado leve no seu boletín de cualificacións, aproximarase ó valor enteiro mediante o truncamento decimal. Para superar con éxito a avaliación é necesario conseguir unha nota numérica igual ou superior a 5 puntos.

No período abranguido entre a terceira avaliación e a avaliación final realizaranse actividades da tipoloxía fixada no artigo 7.8 da Orde (reforzo, ampliación...). Logo de realizada a terceira avaliación, a equipa docente realizará un breve informe para o alumnado con algunha avaliación sen superar que valerá como base para o deseño das correspondentes actividades de avaliación.

### **A cualificación da avaliación final realizarase do seguinte xeito:**

#### 1.- Alumnado coas tres avaliacións parciais aprobadas.

A cualificación da avaliación final será o resultado da media das tres avaliacións parciais, ao que se lle sumará, de ser o caso, a puntuación derivada dunha proba escrita final.

Neste sentido, todo o alumnado coas tres avaliacións parciais aprobadas presentarse a unha proba escrita final cos mesmos criterios que as probas escritas de avaliación e cos contidos das mesmas, e no que se aplicará o seguinte baremo:

- O alumnado que neste exame final obteña un resultado inferior a 6, mantén como nota da avaliación final o resultado da media dos tres trimestres superados.
- O alumnado que obteña un resultado entre 6 e 7, sumará un 0,25 á súa nota.
- O alumnado que obteña un resultado entre 7 e 8, sumará un 0,5 á súa nota.
- O alumnado que obteña un resultado entre 8 e 9, sumará un 0,75 á súa nota.
- O alumnado que obteña un resultado superior a 9, sumará 1 punto á súa nota.

A **nota final** obterase como a media aritmética das notas das tres avaliacións (tendo en conta os decimais) e sumando a puntuación correspondente por cada suposto do exame final. Para obter a nota final do curso, de maneira xeral, aproximarase ao enteiro inferior para os decimais 1 a 5, e ao enteiro superior para os decimais de 6 a 9.

### 2.- Alumnado con dúas ou tres avaliacións parciais suspensas

A cualificación da avaliación final será o resultado dunha proba escrita final de todos os contidos estudados durante o curso e que poderá coincidir coa proba escrita final realizada ao alumnado coas tres avaliacións parciais aprobadas.

No referente ao redondeo da cualificación da avaliación final, a partir de 5 puntos, de maneira xeral, aproximarase ao enteiro inferior para os decimais 1 a 5, e ao enteiro superior para os decimais de 6 a 9.

### 3.- Alumnado con unha avaliación parcial suspensa

A cualificación da avaliación final será o resultado da media das dúas avaliacións parciais aprobadas (ponderado como dous terzos da cualificación final) co resultado dunha proba escrita final relativa unicamente aos contidos estudados nesa avaliación parcial (ponderado como un terzo da cualificación final).

No referente ao redondeo da cualificación da avaliación final, a partir de 5 puntos, de maneira xeral, aproximarase ao enteiro inferior para os decimais 1 a 5, e ao enteiro superior para os decimais de 6 a 9.

## **Avaliación de materias pendentes de cursos anteriores**

Neste caso o alumnado coa materia pendente seguirá o establecido na programación xeral para recuperar a materia en maio. No suposto de que non superara a materia terá a opción de facer un exame final coas mesmas condicións que se detallan no presente documento.

## **Adaptacións referentes a 1º de Bacharelato**

De acordo coa Orde, o curso continúa organizándose en tres avaliacións parciais, unha avaliación final ordinaria e unha avaliación final extraordinaria, polo que continúa sendo aplicábel o disposto na Programación Didáctica.

Como novidade, establécese que o período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria até o remate do período lectivo, dedicarase á preparación e á realización das probas extraordinarias, e a actividades da tipoloxía fixada no artigo 13.6 da Orde; isto é: de apoio, reforzo, recuperación ou ampliación.